

DEGRADADO OU ESVAECIDO NUN CABELO CURTO

1. Que se debe facer antes da realización dun esvaecido.

- Estudo da fisonomía, tipo de cabelo, estilo...
- Estudar o arco da patilla (esta vai indicar o tipo de degradado)
- Estudar a liña de contorno do cabelo e concretamente o arco da orella.
- Só empregaremos as pinzas separadoras cando o cabelo é longo e tapa a zona de traballo.
- Deberemos estudar as zonas máis pobladas e as menos pobladas, xa que na zona poblada traballaremos cun peite máis pequeno.
- Para percibir mellor o sombreado nos cabelos curtos e mellor traballar un número máis que nos oscuros.
- Sempre remataremos a zona superior con tesoiras e peite ou maquinilla e peite.

2. Tipos de esvaecidos ou degradado

Degradado baixo.- Dende o arco da orella crearemos a sombra difuminando, as patillas e zona occipital (nuca baixa) serán rasuradas. O arco da patilla quedará marcada con difuminado.

Degradado medio.- Un dedo por riba do arco da orella crearemos a sombra difuminando. O arco da patilla quedará metade rasurada e metade con sombra.

Degradado alto.- Dous dedos dende o arco da orella. O arco da patilla quedará rasurada.

*Cando medimos cun dedo este será o que o/a profesional considere oportuno, xa que dependerá da fisonomía do cranio o máis empregado é o maimiño.

3. Degradado baixo

- a) Pasaremos o peite máis longo que vaiamos empregar, ata a parte máis alta do degradado.
- b) Marcamos a liña sobre o arco da orella hacia diante (liña recta) e despois hacia o occipital en descenso. Marcaremos co peite da maquinilla a metade, para que non marque moito a liña e así sexa máis sinxela de difuminar ou desvanecer.
- c) Toda a zona que queda debaixo da liña procederemos a rasurala.
Para rasurada pasamos a maquinilla co peite cerrado, e despois pasaremos ben a navalla ou a silver.
- d) Mediremos un dedo dende a liña cara riba e todo o que entre dentro do dedo será no que traballaremos o desvanecemento xogando coas diferentes posicións do peite da maquinilla.
- e) Na zona superior do traballado no punto d) crea outra liña a cal traballaremos co peite n.º 1 e n.º ½, sempre traballaremos unha zona non superior a un dedo ata desvanecer a liña e ir creando o sombreado ou difuminado.
- f) Mediremos outro dedo dende a liña nova e traballaremos co peite n.º 1 ½, e na zona da liña co n.º 1.
- g) Na seguinte zona traballarase igual que na anterior pero co peite n.º 2 e o desvanecemento da liña co n.º 1 ½.
- h) Marcar o arco da patilla deseñando unha “C”, coa trimmer.
- i) Rematar coa técnica de tesoiras sobre peite ou maquinilla sobre peite.